



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE OÍMBRA PARA A MELLORA DA ESTRADA MUNICIPAL QUE UNE OÍMBRA CON SAN CIBRAO. 1ª FASE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar co Concello de Oímbra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras e o Concello de Oímbra para levar a cabo a mellora da estrada municipal que une Oímbra -San Cibrao. As obras suporán un aumento da seguridade vial xa que se proxecta reforzar e renovar a calzada coa aplicación dunha capa de rodadura, así como regular o ancho da vía de tal modo que se fixe un ancho constante de 6 m sempre que sexa posible. As obras levaranse en varias fases, esta primeira fase afectará a 800 metros dos 2.100 metros totais.

Esta actuación é complementaria á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria. A consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Oímbra ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestructuras.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

